



CONCELLO DE REDONDEIRA

**SESION ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE CEDEIRA,
CELEBRADA O DÍA 18 - MARZO – 2016**

ORDE DO DIA

- 1.- Aprobación, no seu caso, das actas das dúas últimas xuntanzas.
- 2.- Nomeamento de titular e suplente do representante do Consello Parroquial para a redacción do novo Regulamento dos Consellos Parroquias.
- 3.- DEFINICIÓN DOS ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS:
 - A).- INVERSIÓNS DOS DESTE ANO 2016.
 - B).- COMO SE FARÁ O REPARTO DO ANO 2017.
- 4.- Rogos e preguntas.

No Centro Cultural de Cedeira, sendo as vinte horas e quince minutos, do día dezoito de marzo de dous mil dezaseis, reúnen, baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, da concelleira DONA MARIA DEL CARMEN AMOEDO DASILVA, os seguintes representantes do Consello Parroquial:

GRUPOS POLITICOS:

PP – ANA MARIA ALONSO ALONSO

PSdeG-PSOE – MARIA DEL CARMEN ALONSO LAGO

B.N.G. - XOAN CARLOS GONZÁLEZ CAMPO

A.E.R. - ALFONSO BLANCO PÉREZ

AA.VV.:

ISABEL ALONSO LEMOS

CARLOS COVELO SOLLA

JACINTO GIMÉNEZ LAGO

ASOCIACIÓNS CULTURALS:

VICENTE LAMAS GUISANDE



CONCELLO DE REDONDELA

COMUNIDADE DE AUGAS:

ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS:

COMUNIDADE DE MONTES:

CARLOS GRAÑA VILARES

BERNARDO ALVAREZ DOS SANTOS

E actuando como Secretario do Consello, o funcionario de carreira JUAN MANUEL GARCÍA RODRÍGUEZ, se constitúe o Consello Parroquial de Cedeira, convocado para o día de hoxe, en sesión ordinaria e en primeira convocatoria.

Aberto o acto pola Presidencia, procédese a tratar os puntos da Orde do Día.-

INCIDENCIAS.- Antes do comenzo do debate dos puntos da Orde do Día, a representante no Consello Isabel Alonso Lemos, quere manifestar o seu descontento porque estase a dicir na reunión dos Consellos Parroquias na Casa da Cultura o pasado día 17 e noutras reunións, que a Comisión do Cemiterio de Cedeira, lle restaba membros á Asociación de Veciños no Consello Parroquial, indicando que a Comisión do Cemiterio é un colectivo veciñal como outro da parroquia e entende que debe ter representación, e así se acordou cando se constituíu o Consello.

A concelleira e Presidenta do Consello Parroquial, MARIA DEL CARMEN AMOEDO DASILVA, resposta que hai que buscar un consenso, de ahí que se estea a modificar o Regulamento, coa finalidade de sumar e conseguir que a parroquia estea representada.

O representante da AA.VV., Carlos Covelo, manifesta que a única asociación de veciños como tal existente é a de San Bernardo de Cedeira, efectivamente que como tal presentou un escrito de suxerencias á modificación do Regulamento, que non teñen nada en contra doutros colectivos da parroquia e efectivamente cando se constituíu o Consello Parroquial se lle restou un representante en favor da Comisión do Cemiterio, e remata sinalando que nunca se falou mal de ningún colectivo veciñal.

Pregunta a Sra. Alonso Lemos si non se disolvera a asociación de veciños na última asamblea, respostándolle o Sr. Covelo Solla, que ata en tanto en canto non se constituíra a nova directiva, non.



CONCELLO DE REDONDEIRA

Remata o asunto a Presidencia sinalando que o importante é que o Consello Parroquial funcione, todos os colectivos teñen voz no Consello e o importante volve a recalcar é sumar para mellorar a parroquia de Cedeira.

Rematado este tema, pola Presidencia se da comenzo a tratar os asuntos que conforman a Orde do Día da presente sesión.

1.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DAS ACTAS DAS DÚAS ÚLTIMAS XUNTANZAS.-

Pola Presidencia dase conta das actas das dúas últimas xuntanzas, correspondentes ás celebradas con carácter ordinario os días **21 de outubro de 2015 e 21 de xaneiro de 2016.**

O Consello Parroquial de Cedeira, por unanimidade dos seus membros, prestoulle a súa aprobación a ámbalas dúas actas, sen formular reparo algún.-

2.- NOMEAMENTO DE TITULAR E SUPLENTE DO REPRESENTANTE DO CONSELLO PARROQUIAL PARA A REDACCIÓN DO NOVO REGULAMENTO DOS CONSELLOS PARROQUIAIS.-

Pola Presidencia ponse en coñecemento do Consello Parroquial a necesidade de que se nomee representante titular e suplente deste órgano consultivo, coa finalidade de asistir ás reunións e facer propostas, en nome do Consello, para a modificación do Regulamento.

O representante do grupo municipal do B.N.G., o Concelleiro Sr. González Campo, manifesta que un representante alomenos ten que ser membro da Comisión de Veciños da parroquia.

Pola Presidencia se sinala, que ben poden reunirse e decidir quen vai ser o representante e suplente, ou ben se decide agora entre os asistentes.

O representante das Asociacións Culturais, D. Vicente Lamas, indica que é difícil que os representantes se reúnan, por iso era mellor que se resolvese agora que están casí todos.

Previa deliberación, o Consello Parroquial de Cedeira, por unanimidade, acordou nomear ao representante da Asociación de Veciños, D. CARLOS COVELO SOLLA como titular e suplente ao representante das Asociacións Culturais, D. VICENTE LAMAS GUISANDE, coa finalidade de representar á parroquia na Comisión que estude a redacción do novo Regulamento dos Consellos Parroquiais, indicando a Presidencia que do tratado e acordado en ditas reunións se dea conta ao Consello Parroquial e aos veciños.



CONCELLO DE REDONDELA

E xa para rematar a Presidencia propón que se pase ao Consello Parroquial as propostas de modificación do Regulamento que fixo a Asociacións de Veciños desta parroquia.

3.- DEFINICION ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS:

A).- INVERSIÓNS DOS DESTE ANO 2016.

B).- COMO SE FARÁ O REPARTO DO ANO 2017.

Pola Presidencia ponse en coñecemento do Consello Parroquial que o Alcalde decidiu que os orzamentos participativos deste ano foran liñais, correspondéndolle a cada parroquia 15.000,00 euros, e as características e inversión é igual que no 2014, porque como xa saben no ano 2015, os demais grupos políticos non aprobaron dita inversión.

Continúa sinalando que, unha vez aprobados os Orzamentos Municipais, o Consello Parroquial ten que decidir ou debatir se xa teñen pensado en que van a investir estes cartos.

Polo representante do grupo municipal de A.E.R. se pregunta se os participativos deste ano están vinculados á obra de rehabilitación da escola.

A representante do grupo municipal do PP sinalou que no seu día (ano 2014) se comprometían ata rematar a obra, de todos os xeitos hai que comprobar partidas.

A Presidencia sinala que o muro de contención da parte de abaixo, a parte de verificar cantidades, foron contra o Orzamento Municipal, o que confirma a Señora Alonso Alonso.

O representante da Asociación de Veciños Sr. Covelo Solla sinala que falou co arquitecto Falagán por que non hai acceso interior, pensando éste que o soto non tiña acceso interior, fixeron un, con que se reduciu espacio.

A Presidencia sinala que falará co arquitecto para mirar a posibilidade de facer unha pequena modificación.

O representante no Consello Don Vicente Lamas Guisande manifesta que nesa reforma os demais non pintamos nada.

A representante do grupo municipal do PP Dona Ana María Alonso indica que se redactou un proxecto que hai que respectar, trátase dunha obra pública cuns parámetros de seguridade que non se poden obviar.

Así mesmo pola Presidencia se manifesta que o baixo existente na escola é moi pequeno e demasiado baixo non se pode utilizar na máis que para arquivo, indica así



CONCELLO DE REDONDEIRA

mesmo que se vai a recuperar o porche e remata sinalando que as obras axústanse ao proxecto e as autorizacións do proxecto.

A representante do grupo municipal do PP Señora Alonso Alonso sinala que estas obras se fixeron a través dun proxecto e éste a través dun obradoiro para unha finalidade ARQUIVO DA PARROQUIA.

O representante da Asociación de Veciños Sr. Covelo Solla indica que o soto ten un acceso cunha porta, que o redactor do proxecto non se deu conta e se fixo outro acceso limitando con elo a superficie da escola. Remata sinalando que a Asociación de Veciños propón que se faga e quede como era e tamén recalca a necesidade de arranxo do porche.

Así mesmo e no tocante ao uso de dito local están de acordo en que o uso sexa veciñal, para disfrute dos veciños da Parroquia de Cedeira, de todos os xeitos quere recordar que o inmovible é de titularidade municipal e no seu día e segundo obra no seu poder hai un acordo plenario de cesión de dito inmovible á Asociación de Veciños.

Pola Presidencia se sinala que este debate se abrirá cando estea rematada a obra e indica que sumemos todos hacia un mesmo lugar.

Polo Concelleiro do grupo municipal do BNG Don Xoan Carlos González Campo se sinala, mantendo a súa opinión de sempre, que a reforma da escola debe facerse polo Concello, que foi dende sempre unha demanda da Asociación de Veciños. Indica así mesmo que se elimine a escaleira interior para ter máis espacio así como que se faga unha entrada por abaixo.

A Concelleira do grupo municipal do PP Señora Amoedo Dasilva respóstalle que está de acordo en mellorar a escola no máximo posible, pero respetando a legalidade. Tamén está de acordo que esta obra fai tempo que ven demanda pola Asociación de Veciños, pero non se fixo ata que chegou o goberno do Partido Popular.

O representante da Asociación de Veciños Don Carlos Covelo sinala que efectivamente trátase dunha obra demandada por eles fai moito tempo que incluso chegaron a presentar un proxecto, solicitaronse subvencións no ano 2007 e actualmente á Deputación Provincial.

Por parte da Presidencia se sinala que o primerio que hai que clarear é se nos orzamentos participativos de 2016 se comprometeron para seguir con ela.

Polo representante no Consello Don Vicente Lamas se recalca que efectivamente trátase dunha obra demandada xa fai tempo, intentouse co PSOE e incluso co goberno de Amado Ricón.

B).- COMO SE FARÁ O REPARTO DO ANO 2017.



CONCELLO DE REDONDELA

A Presidencia indica que nos Participativos de 2017, os Consellos Parroquiais, como apuntou xa no seu día o grupo municipal do B.N.G., e escoitados os demais grupos políticos, o Sr. Alcalde decidiu que se poden apostar por outro tipo de inversións que non sexan obras en terreos ou edificios municipais, como actividades culturais (exemplo, a Festa da Ourella, a Festa da Amizade, etc, ...), cursos, ou calquera tipo de actividades culturais, sociais, etc., resumindo, non pechar a inversión en obra municipal.

O representante do Grupo Municipal do B.N.G., Sr. González Campo, indica que a postura do seu grupo é que se debe falar da posibilidade doutras inversións, debater e clarexar dúbidas.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Pola Señora Amoedo Dasilva se da conta de que a obra da rotonda de Cedeira está avanzada. Que hai previsión por parte de Fomento da instalación dun semáforo na zona da farmacia.

Polo representante do Consello Don Vicente Lamas se indica que para empezar xa sería suficiente un “paso de peóns” e logo si ben un semáforo mellor.

Polo representante do grupo municipal do BNG o Concelleiro Señor González Campo se manifesta que a obra da rotonda ten paralizada os accesos a la parroquia fai casi un mes. Se plantexou por parte do Goberno Municipal o traballar en turno de noite?.

Polo representante das Asociacións Culturais Señor Lamas Guisande se pregunta se na de Ramón Tellado se vai a facer un muro, respostándolle a Presidencia que hai que falar co Concelleiro Don Arturo González.

Pola representante no Consello Doña Isabel Alonso Lemos pregúntase que pasa co alcantarillado en moitas casas en Eira Pedriña e Fortóns.

Respóstalle a Presidencia que agora vaise realizar un tramo importante de alcantarillado en Cedeira, que chega dende O Cruceiro ata as casas de “Faneco” e a nave de Alcampo. Unha vez rematado este tramo se continuará.

Remata a Presidencia indicando que como todo o mundo sabe esta obra pasa nun tramo por fincas privadas e non é fácil conseguir dos veciños o seu consentimento.

Por parte do representante do grupo municipal de AER, o Concelleiro Don Alfonso Blanco Pérez indícase que coñece un caso dun veciño que lle cruzan a finca, había que buscar solucións e que o trazado da obra fixera o menor dano posible.

O representante do grupo municipal do BNG o Concelleiro Señor González Campo pregunta se se mirou o proxecto, porque entre as autorizacións necesarias é preciso a de Alcampo, indicandoselle pola Presidencia que acaban de autorizalo.



CONCELLO DE REDONDELA

Continúa o Concelleiro do grupo municipal do BNG, que o saneamento debe ser unha obra prioritaria do goberno municipal. Indica que hai un proxecto de Canabal parado por Fomento e agora, polo que di a Presidencia se as autorizacións son máis doadas por parte do Ministerio, debería seguirse co proxecto.

Por parte da Presidencia se lle indica ao representante do grupo municipal do BNG, que non é máis doado conseguir as autorizacións se non que o Goberno Municipal agora as xestiona doutro xeito.

Pola representante no Consello Dona Isabel Alonso Lemos se pregunta se se pode cruzar o río coa tubería, respostándolle a Señora Amoedo Dasilva que Augas de Galicia non o autoriza, que hai que ir por partes, acolléndose ao segundo plan da Deputación con remanentes. Sinala o Concelleiro do grupo municipal do BNG, que se incrementan os orzamentos da Deputación para saneamentos.

Noutro orden de cousas o representante do Consello Don Vicente Lamas indica que as últimas choivas xa atascaron e levantaron as arquetas na obra dos participativos. Así mesmo sinala que hai outra alcantarilla atascada antes da súa casa.

Remata preguntando que pasa co panel do Cruceiro, indicándolle a Presidencia que agora vanse a poñer unha remesa deles.

Así mesmo o Señor Lamas Guisande pregunta como se atopa o tema da subvención do mantemento dos centros culturais.

A representante do grupo municipal do PSdeG-PSOE Dona María del Carmen Alonso Lago pregunta se falta moito para o remate da obra de Mercadona, xa que o acceso a parroquia está cortado e era preciso esixirlle á empresa que baldease a terra da estrada.

A Presidencia indica que os colectivos veciñais deben falar cos veciños, facer un seguimento das obras, e logo falar coa empresa ou co Concello para buscar solucións.

O representante da Asociación de Veciños Don Carlos Covelo indica que o pasado día dez foron xunto coas Concelleiras Carmen Amoedo e María José Barciela e tamén o membro do Consello Jacinto Jiménez a mirar os tres camiños que se van a asfaltar, o da Grilas, Cova Vella e Carballeira, efectivamente éste último non ten saída, continúa sinalando que están dacordo en que estes tres camiños precisan arranxarse, o que asinten outros membros do Consello. Indican así mesmo que é importante buscarlle solución ao problema das augas pluviais, como no caso do camiño “Cova da Vella”, e labor dos veciños en xeral tratar de solucionalo. Remata sinalando que o Concello debe manter xuntanzas e falar cos veciños para conseguir que colaboren e se poidan acometer as obras e deixen pasar os tubos polas beiras das súas fincas. Indica así mesmo que ese mesmo día miraron dous camiños que non están inventariados, hai que ver a posibilidade de facelo e darlle un nome, é a partir do camiño de Quintán o dos Lagos, cerca da casa da “Capadora”. Resumindo, é fundamental falar cos veciños e explicarlles que teñen que facer un esforzo para poder mellorar.



CONCELLO DE REDONDEIRA

Noutro orden de cousas, os representantes do Consello na Comisión de seguemento do PXOM están pendentes de que os chamen, indicándolle a Presidencia que unha vez que haxa un avance do Plan se reunirá a Comisión, indicando o Señor Covelo Solla que a mellora dos camiños debería plantexarse no tratamento do PXOM.

Para rematar a Presidencia indica que o arranxo dos camiños supón para o Concello un desembolso importante, por exemplo, o camiño de Quintán só a redación do proxecto pasa dos 3.000,00 euros.

E non sendo outro o obxecto da presente reunión, pola Presidencia dase por rematada a mesma, sendo as vinteunha horas e trinta e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que exténdese a presente acta, da que, de todo no que nela se contén, como Secretario do Consello, DOU FE.-

A PRESIDENTA

O SECRETARIO